

RESOLUCIÓN POLA QUE SE ACORDA DECLARAR DESERTO O CONCURSO PARA A COMPRA DUN INMOBLE NO CONCELLO DE VIGO PARA OFICINA DE EMPREGO SOLICITADO POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

Por resolución do 29 de setembro de 2021 acordouse aprobar o expediente para a adquisición dun inmovible no concello de Vigo, para oficina de emprego, polo procedemento de concurso público.

Con data 5 de outubro de 2021 anunciouse no DOG nº 192 e no diario El Faro de Vigo o mencionado concurso. Dentro do prazo outorgado non se presentaron propostas.

Na reunión da mesa de contratación do día 15 de novembro de 2021, acordouse propoñer declarar deserto o concurso levantándose a oportuna acta.

Vista a devandita acta da mesa de contratación, e de conformidade co disposto no artigo 50 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e 45.3 do Decreto 50/1989, polo que se aprobou o Regulamento para a execución da Lei, e trala proposta da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio,

RESOLVO

Primeiro

Declarar deserto o contrato de compravenda dun inmovible no concello de Vigo para oficina de emprego.

Segundo

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de un mes ante o Conselleiro de Facenda e Administración Pública nos termos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ser impugnada directamente no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital
O conselleiro de Facenda e Administración Pública
Por delegación (Orde 09/01/2012)
Jorge Atán Castro

